

## Proxecto Educativo

No CEIP Plurilíngüe Amadeo Rodríguez Barroso traballamos para que as características que se resumen a continuación sexan os sinais de identidade do seu proxecto educativo:

### Aconfesionalidade:

- Respectuoso con tódalas creanzas e ideoloxías, sempre que sexan acordes cos valores democráticos e os dereitos humanos.
- Evitarase a simboloxía religiosa.

### Xestión:

- Transparencia e información regular á comunidade educativa.
- Participación democrática dos sectores da comunidade.
- Procura permanente da calidade (na organización e nos recursos).

### Lingua:

- Compromiso co fomento do galego.
- Garantía de dominio das dúas linguas oficiais.
- Integración do inglés ao máximo nivel posible dende infantil. Plástica en inglés en primaria e en infantil de maneira lúdica a través da música e o movemento.

### Convivencia:

Traballo permanente para a mellora da convivencia, cos principios:  
- Cultura de paz e participación democrática.  
- Resolución pacífica de conflitos.  
- Comunicación assertiva, empatía e respecto mutuo entre tódolos membros da comunidade.

### Metodoloxías:

- Convivencia de estilos e metodoloxías.
- Fomento de metodoloxías activas: o traballo por proxectos, aprendizaxe significativa, cooperativa e por descubrimento guiado,
- Procura da atención á diversidade.
- Coordinación e cooperación do profesorado.
- Integración das TIC nos procesos de ensino.

## Proxecto Educativo

### Valores:

Un colexo crítico e comprometido na defensa de valores coma a xustiza, a amizade, o respecto, a solidariedade, a paz, a tolerancia, a liberdade, a coeducación, o coidado do medio natural e cultural...

### Biblioteca:

Unha biblioteca ben dotada, actualizada,e dinamizada, entendida como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe

### Novas tecnoloxías:

Mantenemento dunha rede TIC actualizada. Integración das Tecnoloxías da Aprendizaxe e Comunicación nos procesos de ensino-aprendizaxe. Integración de Edixgal e Aulas Virtuais. Iniciación na programación, impresión en 3D e actividades STEAM

### Formación do profesorado:

Impulso da formación continuada do profesorado, mediante a promoción de grupos de traballo e plans de mellora.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP  
E UNIVERSIDADES



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP  
E UNIVERSIDADES

**CEIP Plurilíngüe**

**AMADEO  
RODRÍGUEZ  
BARROSO**



**San Mamede, 8  
32005-OURENSE  
TI.: 988 783 044/45**

E-mail: [ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.gal](mailto:ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamadeobarroso/>

## Centro público

O CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso é un centro público, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Cobre as seguintes etapas do sistema educativo:

2º Ciclo de Educación Infantil (de 3 a 6 anos).  
Toda a Educación Primaria (de 1º a 6º)

É un centro **plurilingüe**: algúns das materias do currículo de educación primaria impártese integralmente en inglés (actualmente a educación plástica). En infantil impártese dunha maneira lúdica, asociada á música e o movemento

É un centro adscrito ao IES Otero Pedrayo e a Universidade Laboral. En consecuencia, o seu alumnado ten preferencia para obter praza de ESO e Bacharelato nos mencionados institutos.

## Proxectos de centro

O CEIP Amadeo Rodríguez Barroso participa en varios proxectos de innovación educativa promovidos pola consellería de educación:

Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).  
Radio escolar, biblioteca creativa.

Plan LÍA

Proxecto ABALAR, para a integración das novas tecnoloxías (E-DIXGAL en 5º e 6º de EP)

Plan de Formación Permanente do Profesorado.

Actividades STEAM integradas transversalmente en todos os cursos e materias

Radio Escolar

Iniciación ás matemáticas ABN

Contratos-programa en dúas modalidades:

- CP Inclúe.
- CP Innova

## Profesorado

### Equipo Directivo:

Director: Miguel Anxo Álvarez Campos  
Xefa de Estudos: Cristina Vázquez Arias  
Secretario: M.ª Jesús Presas Valente

### Claustro de profesores/as:

Seis titoras e dúas profesoras de apoio para educación infantil.

Doce mestres para titorías de educación primaria.  
Profesores Especialistas para as seguintes materias:  
Inglés (2), Educación Física (2), Música, Pedagogía Terapéutica (5), Audición e Linguaxe (3) e Relixión.

Unha Auxiliar de Conversa

Unha orientadora

Catro coidadores

## Actividades extraescolares

As actividades extraescolares son organizadas e xestionadas pola ANPA do Centro. Concrétanse a principio de cada curso escolar. A modo de orientación enuméranse as actividades desenvolvidas no curso actual:

Baile	Música
Pintura	Patinaxe
Wu-shu	Fútbol
Basket and english	Baloncesto
Masterchef	Robótica
	Bicicleta

O prezo das actividades é variable, concretáse a principio de cada curso e pode oscilar. Os socios da ANPA teñen descontos especiais. O horario destas actividades é de 16:00 a 18:00, dependendo da demanda-

## Servizos Complementarios

### Transporte Escolar:

Funciona unha única liña de transporte que une o colexio coas localidades de Rairo e As Curuxeiras pasando por Santa Mariña. Este servizo é gratuito.

### Comedor Escolar:

Está xestionado pola ANPA e cuberto por unha empresa de Catering (Gallego).  
Prezos do servizo: 95 euros mensuais\*.  
Días soltos: 6,50 euros

### Atención temperá (Atención de alumnado en horario anterior ao horario de clase):

Está xestionado pola ANPA.

Prezos do servizo:  
Con almorzo: 44 euros mensuais\*.  
Sen almorzo: 33 euros mensuais\*.

\* Os prezos dos servizos de comedor e atención temperá corresponden ao curso 2022-23 e polo tanto son orientativos.

## Horarios

Horario de Clase: de 9:00 a 14:00 horas.

Horario do servizo de atención temperá: de 7:30 a 9:00 horas.

Horario do servizo de comedor: de 14:00 a 16:00 horas.

Horario das actividades extraescolares: concretáse no momento da súa programación, pero, salvo algúns excepcións, situáranse entre as 16:00 e as 18:00 horas.

Horario de atención a familias: de 16:00 a 17:00 horas de cada martes.

Horario de secretaría e dirección: de 9:00 a 10:00 horas.

Horario administración: 09:00 a 14:00